

Buenos Aires, 26, de Abril de 1974.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

A Coruña

Querido Dónega:

Recibín fai xa días a tua carta. Pola miña parte deixo nas tuas mans o arranxamentodo asunto do Museo. Isaac coñece o meu pensamento nunha carta que lle remitín. Eu estou farto de todo esto. O que tí propós de deixar sin efecto o afordo de Cerámicas do Castro, tíñallo proposto a Isaac. Matino que é urxente crear o Patronato que de algún xeito interveña en todo esto. Unha laboura como é a de un Museo non pode ficar suxeta a ningunha vontade persoal. O museo é ó meu xuicio, unha das creaciós mais importantes, co Seminario denantes, con Galaxia, Penzol e Sargadelos hoxe, feitas en Galicia en moito tempo, matinando as facetas culturais que pode abarcar, un xeito enmáis de impoñer un orden ó pasado inmediato artístico e de establecer un cause, sen cánones, á creación futura, ourentada pola laboura que realice o museo.

Agradézoche moito o teu traballo no "pleito" en que nos metemos que tivese sido remate do accidente. Eu estou traballando pra as mostras de Buenos Aires, Montevideo e San Pablo, a derradeira ten de se concretar.

Paréceme moi atinada a proposta de Mariñas del Valle pra a Academia. Fai falla que a xente que se leve as institucións tivesen probado ser merecentes delo pola sua obra, e enmáis pola sua consagración a Galicia nos anos de proba, que foron todos /os derradeiros.

Lembrámonos moito de vos, de Fernanda e tí, e dos amigos comúns que estiveron con nós, acompañándonos, os dous meses do accidente. A actitude de todos vos, ós que estamos moi agradecidos, fixo que ficásemos con desexos de voltar. Eu estaba anímicamente desfeito polos asuntos que ti coñeces. Bueno, as miñas noticias cecáis chegan tarde, mais penso que ti coñeces o meu pensamento como o coñece de fai tempo Isaac. Pola miña parte sinto moito terme metido no asunto do museo sacrificando enmáis unha chea de obras que conservéi durante mais de coarenta anos co soño de facelo, tendo pola miña parte, o éisito que esperaba pola axuda dos ami-